

o Real decreto 1637/1986, do 13 de xuño, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas dos produtos de fibra de vidro utilizados como illantes térmicos e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía.

O Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, derogou as disposicións que serviron de marco para o establecemento das homologacións do Ministerio de Industria e Enerxía, aínda que se mantíña a vixencia dos regulamentos específicos, e con eles os certificados de conformidade substitutorios das homologacións mentres non se promulgasen novas disposicións que expresamente os derogasen ou modificasen.

Debido á entrada en vigor da marcaxe «CE» para estes produtos, recollida na Resolución do 6 de maio de 2002, da Dirección Xeral de Política Tecnolóxica, como desenvolvemento do Real decreto 1630/1992, do 29 de decembro, en aplicación da Directiva 89/106/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros sobre os produtos de construción, resulta necesaria a derogación das disposicións de homologación dos produtos de poliestireno expandido e de fibra de vidro utilizados como illantes térmicos, para coadjuvar á harmonización técnica prevista na citada directiva.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xuño de 2003,

DISPONGO:

Artigo único. *Derrogación de disposicións de normalización e homologación de produtos de construción.*

Quedan derogadas, no que non o fosen anteriormente, as disposicións que se relacionan a seguir:

a) O Real decreto 2709/1985, do 27 de decembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas dos poliestirenos expandidos utilizados como illantes térmicos e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía.

b) O Real decreto 1637/1986, do 13 de xuño, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas dos produtos de fibra de vidro utilizados como illantes térmicos e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía.

c) O Real decreto 113/2000, do 28 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1637/1986, do 13 de xuño, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas dos produtos de fibra de vidro utilizados como illantes térmicos e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía.

d) A Orde do 23 de marzo de 1999, pola que se modifican as especificacións técnicas que figuran no anexo do Real decreto 2709/1985, do 27 de decembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 12 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Ciencia e Tecnoloxía,
JOSEP PIQUÉ I CAMPS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

12866 *REAL DECRETO 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.* («BOE» 154, do 28-6-2003.)

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, establece, na súa disposición adicional primeira, que o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, aprobará o calendario de aplicación desta lei, e que este terá un ámbito temporal de cinco anos a partir da entrada en vigor da lei. Segundo establece a citada disposición, o calendario deberá incluí-la implantación das ensinanzas de réxime xeral e as equivalencias dos títulos afectados pola lei. Así mesmo, regulará a extinción gradual do plan de estudos das ensinanzas de idiomas en vigor, a implantación dos novos currículos, así como as equivalencias, para efectos académicos, dos anos cursados segundo o plan de estudos que se extingue.

O calendario establece, así mesmo, a transformación dos concertos educativos vixentes para a súa adecuación ás novas ensinanzas, nos termos previstos na disposición transitoria sexta da propia lei.

O calendario ten por obxecto proporcionarlles ós diferentes sectores da comunidade escolar e ás propias administracións educativas unha referencia clara sobre a que orienta-las súas expectativas e planifica-la súa xestión no prazo temporal de cinco anos no que se propón. Neste contexto, esta norma foi elaborada tendo en conta as achegas e suxestións das mencionadas administracións educativas.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xuño de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O calendario de aplicación da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, que terá un ámbito temporal de cinco anos, a partir da entrada en vigor desta, rexerá polo disposto neste real decreto.

CAPÍTULO II

Educación preescolar

Artigo 2. *Aspectos educativos básicos e implantación.*

1. Antes do inicio do ano académico 2003-2004, quedarán fixados os aspectos educativos básicos ós que se refire o artigo 10.2 da Lei orgánica 10/2002, do

23 de decembro, de calidade da educación, en relación coa educación preescolar.

2. No ano académico 2004-2005, as administracións competentes comezarán a implantación da educación preescolar. No prazo temporal do calendario establecido por este real decreto completárase a implantación do conxunto da etapa e substituíranse os cursos correspondentes ó primeiro ciclo da educación infantil definida pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, polos da educación preescolar definida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. Non obstante, as administracións competentes poderán anticipar ó ano académico 2003-2004 a implantación da educación preescolar.

CAPÍTULO III

Ensinanzas escolares de réxime xeral

Artigo 3. *Ensinanzas comúns.*

Antes do inicio do ano académico 2003-2004, quedarán fixadas as ensinanzas comúns ás que se refire o artigo 8.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, en relación coa educación infantil, a educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Artigo 4. *Gratuidade da educación infantil.*

A partir do ano académico 2004-2005, iníciase a gratuidade da educación infantil prevista no artigo 11 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. A gratuidade en todo este nivel educativo deberá estar concluída ó finaliza-lo ano académico 2006-2007. Non obstante, as administracións educativas poderán iniciar e completa-la gratuidade deste nivel educativo antes dos prazos sinalados.

Artigo 5. *Ano académico 2004-2005.*

No ano académico 2004-2005:

a) Implantarase, con carácter xeral, os tres cursos da nova ordenación da educación infantil definida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e deixarase de impartirlos cursos correspondentes ó segundo ciclo da educación infantil definida pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

b) Implantarase, con carácter xeral, a nova ordenación das ensinanzas no curso 1.º do primeiro ciclo da educación primaria, regulada pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e deixarase de impartir as ensinanzas correspondentes ó curso 1.º do primeiro ciclo da educación primaria, reguladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

c) Implantarase, con carácter xeral, a nova ordenación das ensinanzas nos cursos 1.º e 3.º da educación secundaria obrigatoria e o primeiro curso dos programas de iniciación profesional regulados pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. Deixarase de impartir as ensinanzas correspondentes ós cursos 1.º e 3.º da educación secundaria obrigatoria e o primeiro curso dos programas de garantía social, desenvolvidos nos centros docentes sostidos con fondos públicos, e regulados pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

d) Implantarase, con carácter xeral, a nova ordenación das ensinanzas no primeiro curso de bacharelato,

regulado pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e deixarase de impartir as ensinanzas correspondentes ó primeiro curso de bacharelato regulado pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Artigo 6. *Ano académico 2005-2006.*

No ano académico 2005-2006:

a) Implantarase, con carácter xeral, a nova ordenación das ensinanzas nos cursos 2.º, 3.º e 5.º de educación primaria, regulada pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e deixarase de impartir as ensinanzas correspondentes ós cursos 2.º, 3.º e 5.º da educación primaria reguladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

b) Implantarase, con carácter xeral, a nova ordenación das ensinanzas nos cursos 2.º e 4.º da educación secundaria obrigatoria e o segundo curso dos programas de iniciación profesional, regulados pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. Deixarase de impartir as ensinanzas correspondentes ós cursos 2.º e 4.º da educación secundaria obrigatoria e segundo curso, se é o caso, dos programas de garantía social, desenvolvidos nos centros docentes sostidos con fondos públicos, e regulados pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

c) Implantarase, con carácter xeral, a nova ordenación das ensinanzas no segundo curso de bacharelato regulado pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e deixarase de impartir as ensinanzas correspondentes ó segundo curso de bacharelato regulado pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

d) Así mesmo, de acordo coas condicións básicas que estableza o Goberno, implantarase, con carácter xeral, a proba xeral de bacharelato para obter o título de bacharelato, que deberán realiza-los alumnos que superen tódalas materias cursadas nos dous cursos de bacharelato e os que rematasen o terceiro ciclo de grao medio das ensinanzas de música ou danza e teñan aprobadas as materias comúns do bacharelato.

Artigo 7. *Ano académico 2006-2007.*

No ano académico 2006-2007, implantarase, con carácter xeral, a nova ordenación das ensinanzas nos cursos 4.º e 6.º da educación primaria, regulada pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e deixarase de impartir as ensinanzas correspondentes ós cursos 4.º e 6.º da educación primaria, reguladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Artigo 8. *Equivalencias dos títulos da educación secundaria.*

Os títulos de graduado en educación secundaria e de bacharelato, establecidos pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, serán equivalentes ós respectivos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, establecidos pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Artigo 9. *Probas para a obtención dos títulos de educación secundaria.*

1. Ata o termo do curso 2004-2005, convocarase probas para a obtención do título de graduado en edu-

cación secundaria para persoas maiores de 18 anos, de acordo co sistema establecido pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

2. A partir do curso 2005-2006, as administracións educativas organizarán, nas condicións que para o efecto estableza o Goberno, probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria por persoas maiores de 18 anos, segundo o establecido no artigo 53.3 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

3. A partir do curso 2005-2006, as administracións educativas organizarán, nas condicións que para o efecto estableza o Goberno, a proba xeral de bacharelato para a obtención do título de bacharelato por persoas maiores de 21 anos, segundo o establecido no artigo 54.4 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

CAPÍTULO IV

Ensinanzas de idiomas

Artigo 10. *Implantación.*

1. As ensinanzas de idiomas, establecidas na Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, comezarán a impartirse de acordo co que previamente determine o Goberno respecto da súa ordenación curricular e de acordo co calendario que se estableza a seguir.

2. Antes do inicio do ano académico 2005-2006, quedarán fixadas as ensinanzas comúns ás que se refire o artigo 8.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, en relación coas ensinanzas de idiomas de réxime especial. Adoptaranse así mesmo as medidas de ordenación académica que, xunto coas ensinanzas comúns, permitan a aplicación do que se dispón nos artigos seguintes deste real decreto.

Artigo 11. *Ano académico 2005-2006.*

No ano académico 2005-2006, implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas dos cursos 1.º e 2.º do nivel básico e deixaránse de impartirse as ensinanzas dos cursos 1.º e 2.º do ciclo elemental reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro, sobre ordenación das ensinanzas correspondentes ó primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas.

Artigo 12. *Ano académico 2006-2007.*

No ano académico 2006-2007, implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas dos cursos 1.º e 2.º do nivel intermedio e deixaránse de impartirse as ensinanzas do curso 3.º do ciclo elemental e do curso 1.º do ciclo superior, reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro, sobre ordenación das ensinanzas correspondentes ó primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas.

Artigo 13. *Ano académico 2007-2008.*

No ano académico 2007-2008, implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas dos cursos 1.º e 2.º do nivel avanzado e deixaránse de impartirse as ensinanzas do curso 2.º do ciclo superior, reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro, sobre ordenación das ensinanzas correspondentes ó primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas.

Artigo 14. *Equivalencias.*

1. As equivalencias, para efectos académicos, dos cursos realizados e dos certificados obtidos segundo o plan de estudos das ensinanzas de idiomas que se extingue, en relación cos cursos da nova ordenación das ensinanzas de idiomas, quedan establecidas como se detalla no anexo deste real decreto.

2. A acreditación de ter superados os estudos que no anexo deste real decreto se declaran equivalentes ós da nova ordenación das ensinanzas de idiomas será suficiente para que os alumnos se incorporen ó novo sistema, de acordo cos termos das respectivas equivalencias, sen necesidade de ningún trámite de validación.

3. Considéranse equivalentes, para efectos profesionais, o certificado de aptitude do ciclo superior do primeiro nivel das ensinanzas de idiomas dos plans de estudo que se extinguen e o certificado de nivel avanzado, obtido ó termo do segundo curso do dito nivel, regulado pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

CAPÍTULO V

Transformación dos concertos

Artigo 15. *Transformación dos concertos.*

1. No ano académico 2004-2005, os concertos, convenios ou subvencións aplicables ós centros de primeiro ciclo de educación infantil referiranse ás ensinanzas de educación preescolar.

Os concertos, convenios ou subvencións aplicables ós restantes establecementos con autorización ou licenza para atender nenos de ata tres anos referiranse ás ensinanzas de educación preescolar, unha vez que os citados establecementos obteñan a autorización como centros de educación preescolar, conforme o calendario establecido neste real decreto.

2. No ano académico 2004-2005, os concertos actualmente subscritos con centros de segundo ciclo de educación infantil transformaranse en concertos para as ensinanzas de educación infantil.

Así mesmo, no dito ano académico, os convenios e subvencións actualmente subscritos ou outorgados a centros de segundo ciclo de educación infantil transformaranse en concertos para as ensinanzas de educación infantil, sempre que cumpran os requisitos do réxime de concertos previstos nas leis educativas.

3. A partir do ano académico 2004-2005, os concertos subscritos con centros de formación profesional específica de grao medio, ou superior, transformaranse en concertos de formación profesional de grao medio, de grao superior ou, se é o caso, de bacharelato.

4. A partir do ano académico 2004-2005, os concertos subscritos con centros que imparten programas de garantía social transformaranse en concertos de programas de iniciación profesional, ou de formación profesional de grao medio.

Os centros docentes de educación especial concertados poderán concertar ofertas formativas de integración social e laboral previstas no artigo 48 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

5. A partir do ano académico 2004-2005, os concertos subscritos con centros de bacharelato transformaranse en concertos de bacharelato, de formación profesional de grao medio ou de grao superior.

6. A transformación dos concertos conforme o sinalado nos puntos anteriores requirirá a previa autorización das ensinanzas para as que o titular do centro solicite esta transformación. Esta transformación producirase

polo mesmo número de unidades que o centro tivera concertadas, salvo para o disposto no punto 3, así como para aquelas unidades solicitadas referidas a ensinanzas obrigatorias; en tal caso, aplicarase o disposto no réxime xeral de concertos.

7. A transformación de concertos a ensinanzas postobrigatorias poderana exercer os titulares dos centros dentro do prazo de cinco anos de implantación da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Disposición adicional primeira. *Anticipación da avaliación, promoción e obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.*

1. A avaliación, a promoción e os requisitos para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, regulados, respectivamente, nos artigos 28, 29 e 31.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, aplicaranse no curso académico 2003-2004.

2. Antes do inicio do curso académico 2003-2004, desenvolveranse as previsións contidas nos artigos 29.3 e 31.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, co obxecto de permitirla aplicación do disposto no punto anterior.

3. O ministro de Educación, Cultura e Deporte, antes do inicio do curso escolar 2003-2004, determinará os elementos básicos dos informes de avaliación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que sexan precisos para garantir a mobilidade dos alumnos, co fin de asegura-la efectividade do disposto no punto anterior.

4. As administracións educativas establecerán as medidas de ordenación académica necesarias para dar cumprimento ó previsto no punto 1.

Disposición adicional segunda. *Título de especialización didáctica.*

A xeneralización das ensinanzas conducentes ó título de especialización didáctica ó que se refire o artigo 58 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, realizarase no curso 2004-2005. Así mesmo, no curso 2004-2005 deixarase de organizar e impartir as ensinanzas conducentes á obtención dos certificados de aptitude pedagóxica.

Disposición adicional terceira. *Concertación de educación infantil.*

As administracións educativas atenderán as solicitudes formuladas polos centros privados para a concertación de unidades de educación infantil, dando preferencia, por esta orde, ás unidades que se soliciten para primeiro, segundo e terceiro curso.

Todo isto, sen prexuízo de que as administracións educativas poidan anticipar a concertación das citadas ensinanzas, de acordo co previsto no artigo 4.

Disposición transitoria única. *Prazos excepcionais sobre concertos para o curso 2003-2004.*

1. Con carácter excepcional e con efectos do curso 2003-2004, os centros privados afectados polo establecido na disposición adicional terceira poderán solicitar o acceso ou a transformación dos concertos, convenios ou subvencións actualmente subscritos a con-

certos de educación infantil á administración educativa competente ata o 30 de xullo de 2003.

2. Con carácter excepcional e con efectos do curso 2003-2004, a aprobación ou denegación do acceso ou a transformación á que se fai referencia no punto anterior terá lugar antes do 31 de agosto de 2003.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados o punto 4 do artigo 16 e a disposición adicional sétima do Real decreto 986/1991, do 14 de xuño, polo que se aproba o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que se dicta ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución española, a disposición adicional primeira.2 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e en virtude da habilitación que confire ó Goberno a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, na súa disposición adicional primeira, ten o carácter de norma básica.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte, sen prexuízo do que dispoñan as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, dictar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

ANEXO

Cadro de equivalencias, para efectos académicos, dos cursos e certificados das ensinanzas de idiomas que se extinguen cos correspondentes á nova ordenación

Ensinanzas anteriores. Plan establecido polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.	Ensinanzas novas
1.º curso de ciclo elemental.	1.º curso de nivel básico.
2.º curso de ciclo elemental.	2.º curso de nivel básico.
3.º curso de ciclo elemental e certificación académica do ciclo elemental.	1.º curso de nivel intermedio.
1.º curso de ciclo superior.	2.º curso de nivel intermedio.
Certificado de aptitude do ciclo superior.	Certificado de nivel avanzado

